

O LATENTE

Herdo

Nas casas de bonecas de Playmobil

non cabían os soños futuros

nin o sabor do pan recién feito

da avoa Mercedes

as viaxes á praia

na furgoneta branca con Matilde e Manolo

Non cabía a canción das Spice Girls

que bailabamos con movementos arrítmicos

o lento transcorrer dos días de verán

xogando ás agachadas

nin os contos da Santa Compañía

que non me deixaban durmir

do meu primo Xurxo

tampouco tiñan cabida

os cadernos Rubio,

as ensinanzas de mamá e papá

nin a miña impaciencia

Plenitude

Sobrevoar as fisuras

o *collage* que creamos

antes

de

chegar

aquí.

Anhelos xuvenís desterrados,

apátridas da miña alma

ficán lonxe

radiografías do sentir

sobre as que debuxei

novas cores

Medran en min

enredadeiras

que a plenitude

arrodea

Luz

O preconcebido difumínase

outra dimensión nace

As cinzas desapareceron

neste ignífugo rexurdir

Oasis de vida permeable

ós claroscuros

á fusión

dos totais

Arde en min o hoxe

a incesante vida

abrindo as comportas

a fechadura sen chave

sen autocensura

o real impregna todo de luz

A candeloria

Chegaches

nun xaneiro de brétemas.

Irremediabilmente.

Engaioláchesme co son dos paxaros namorados

nun inédito febreiro

no que exhalei vida por cada átomo

dos que me conforman

A candeloria marchou,

mais eu fiquei.

Quixen ser paxaro.

Fuxir,

voar

retrocendo sobre os meus pasos

a orixe sempre estará ahí,

recoñecéndome

Ficarei para ver,

sempre

a brétema diluída

Intres

Coleccionei intres suspendidos no tempo

[contigo]

Era a emoción a que falaba

espírasme,

derrubando o meu mundo,

asolagando a presa na que me agochaba,

abríndome os ollos

Prendín de ti por esa introspección levada ó límite

bordeando as fisuras do correcto

e fun coleccionando intres

ilusoriamente

Agora quedo eu, desposuída de min

sen un ti que tanto soñei

A coraxe farama esquecerte

A pesares de que

colecionei intres suspendidos no tempo

[contigo]

Sen título

As razóns esvaéronse.

Carecía dos folgos para continuar.

“Impasse” ou folla de ruta?

Encrucilladas latentes

perviven en min

A vida sorprende

emociona

latexa

colisiona co antes vivido

Só o tempo sentencia.

Patagonia silenciada

O reloxo ficou parado

na hora do teu exilio.

A inmortalidade que nos atribuíramos

cesou nese instante.

Os silencios falaron para emitilo seu veredicto,

a autarquía volveu á miña alma

e ela si calou.

A través das bágoas

que se gardan na profundidade do ser.

As sístoles e díastoles embravecidas cesaron,

deixaron de sentir.

Quedaron perplexas

ó escoitalo eco

da Patagonia silenciada.

Non dubidaron en visitar en soños

a pureza das augas desxeadas

e das paisaxes humanas

que debuxara na miña imaxinación

Nas que o verbo estar aparecía

nun ti e eu proxectados

Como hologramas desa inmortalidade

na que tal vez unha vez existimos.

Person Dream

O incesante pensamento

esperta coa brétema do mencer

volvéndose lume de agosto

ó moverse a agulla do reloxo

Espertar no soño,

para vivir nel,

tan só un instante

O peón deambula solitario

polo orquestado xadrez

na procura do "*Person Dream*"

e só atopa iguais

que non se recoñecen no veciño

Miradas de esguello e vacilantes

que non falan con franqueza,

só decoran a súa vida

con flores de artificio

Sen título

Fluír coa existencia

sen brúxulas nin reloxos

sen *Google drive*,

sen nada

que nos indique por onde ir

Aventurémonos ó descoñecido

cun ollar inquedo e curioso

da adulta que agocha o nena que foi

na retina

cúmulo de experiencias vividas

intensas

diluídas outras,

que trascenden ó acontecido

que se borran

volvéndose a escribir sobre elas

compañeiras do silencio algunhas

outras inesquecibles

comprender que es un ser minúsculo

entre unha multitude de humanos

e que á vez es un universo

rodeada de estrelas fugaces

Penélope

Penélope desfía pola noite o que fía polo día. Ata que decide mudar o seu destino e acontece o seguinte:

Os fíos desbotados

enchen a habitación de incógnitas

non resoltas nos libros de Ulises

Teas vermellas ondean no serán

cun movemento rítmico

que evoca

a paixón non pasiva

e a mente vibrante

dunha Penélope renacida

Libre para facer e soñar

no entrelazado mundo de cores

do que se sabe tecedora

Espertando nun universo novo,

cheo de remansos de paz

de tenues azuis ceo

No que os serpenteantes vieiros
da verde cor dos esperanzados,
convértena en viaxeira da vida,
en traballadora,
en amante
nun mundo no que ela,
suma e segue.

Acróstico

Morador do mundo nostálxico dos que tecen soños

Emanas a nobreza por cada poro do teu ser

Unindo rompecabezas que en ocasións me aflixen

Permanecerás no inalterable suspiro latexante

As sombras da vida mudan na luz

Inmutable que irradias

Recordos

Gardándote nun recuncho da alma

Haberá intres que estarás

Aínda aquí, **avó**

Bater cos recordos que se agochan na casa

Enchendo os espazos coa túa ausencia

Coma unha ensinanza de vida,

Haberá un tempo no que

Omitirei que es recordo

Karma

Envolventes círculos concéntricos

fluxen e volven a min

(reiteradamente)

Acompáñanme sen tregua,

seducíndome a cada sopro,

inmortalizando o meu ser,

feiticeiros

Exhalo o suspiro,

que precede á paz

do xeroglífico resolto

Dos puntos suspendidos

nas palabras entrecortadas

que non che dixen

Retorno da orixe,

na que inhalamos

o precedente do hoxe

Aire ceibe rexorde nos meus pulmóns

coa calma que precede

ó fluír da emoción retrotraída

que brota vida en min

A utopía das pegadas

Para min es

a orixe e a fin dos solpores,

a luz entre as brétemas,

a ilusión perenne de vivir

A chave da lúa

crecente,

lonxana,

mais visible

A encrucillada

que só sinaliza

unha dirección

O marcapasos da camiñante,

a utopía das pegadas

A lembranza do onírico,

o elixir da vida

O prisma da infancia

o estupor da adolescencia,

a certeza da xuventude

O suspiro que non se exhala,

permanece

na mente namorada

da vida

de ti

Solpor

Soñeite

entre lusco e fusco,

ó compás de anacronismos inventados

Ameite mil e unha noites

supervivente único do meu lar

habitante da lúa dos meus soños

A radiografía do meu sentir

debuxa o rostro da esperanza

a carón de ti

Inhalo o desexo de sermos,

semente de vida

idealismo /realidade

binomio latexante

Soñeite.

Yesterday

Soa de fondo Yesterday

a melancolía feita melodía,

e lembrás.

Lembras que a orixe leva ó hoxe

e que ninguén vive sen lembrar.

As mareas da infancia rexorden

como fotogramas desordeados

alterados polo reloxo de peto

de teu avó,

e que hoxe albergas nunha memoria,

a túa,

que, inevitablemente, lembra

Emoción da adolescencia retrotraída,

chega a ti como os soños e ideais que foron

e que volverán, diferenciándose, unha e outra vez,

repetidamente.

O nacer soñador non esmorece sen máis,

muda, transfórmase e rexorde,

permanece nos ínfimos detalles,

xamais morre

Soños

Soñamos e soñaremos

emulando a Amélie,

ós mundos insondables de Murakami,

e a un Castelao exiliado que tamén soñaba

Soñemos por eles,

polo que fomos.

Soñemos polo que seremos,

polo que somos.

E a esperanza intrínseca no onírico

será realidade mañá

Sen título

Abrúmame a vida

con cada instante

con cada oportunidade

Ficarei morta en vida

o día que murche a ilusión

o día que non sexa eu

o día que non palpitemos ó unísono

o día que non me deixe sen alento

Néctar

Volverá a primavera

florecer en lugares insospeitados

nos que o porvir xa non importaba

O mel das abellas que foi néctar

Inocula vida ós pesimistas,

que sorrín.

SEN TÍTULO

Rexurdimento alegre

case pueril

da emoción cotía

das pequenas cousas

que mudan en victorias

As ansias desatadas

transformadas en paz

o estupor que hoxe

deriva en tranquilidade

coma as follas dunha árbore caduca

que o inverno despoxa de vida

e brotan na primavera

coma o sol que vén

tralos lóstregos da noite anterior

coma a bolboreta que foi verme

ningún futuro concorda sen unha orixe

para a que mirar

todo se transforma

mais a esencia perdura

e por moito que agardemos

con ansiedade o porvir,

co tempo todo chega

